



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en Pleno, relativa á adopción de medidas para o traslado dos depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos do peirao do Ferrazo (Vilagarcía de Arousa), e a eliminación do tránsito marítimo de hidrocarburos na ría de Arousa.

A Sala do Contencioso do Tribunal Supremo ven de emitir sentenza (firme, non recurrible) pola que declara ilegais os depósitos de hidrocarburos do porto do Ferrazo (Vilagarcía de Arousa) por teren sido tramitados sen a preceptiva declaración de impacto ambiental, anulando deste xeito as resolucións da Consellaría de Industria do Goberno do PP (ano 2000, sendo Manuel Fraga Presidente da Xunta) que autorizaban a instalación destes depósitos.

A maiores, esta sentenza –que ratifica a ditada previamente polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza– indica que a presenza destes depósitos na súa ubicación actual podería provocar contaminación das augas da ría de Arousa e da atmosfera, así como a degradación da riqueza mariña.

En definitiva, a decisión xudicial ven a lle outorgar a razón a un amplo movemento popular, nucleado en torno á Plataforma para a Defensa da Ría de Arousa (conformada por confrarías, agrupacións mexilloeiras e outras entidades da ría), que manifestaron o seu rexeitamento desde o primeiro momento á instalación destes depósitos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Efectivamente, xa no período 1997-98, instalábase no porto de Vilagarcía de Arousa –no peirao do Ferrazo- uns depósitos de hidrocarburos que xeran un tránsito de mercadorías perigosas no interior da ría de Arousa (lembramos: a máis rica e produtiva da nosa nación) que resulta absolutamente inaceptábel. Conta Galiza con demasiada experiencia vinculada a episodios de contaminación mariña, marés negras, ou sinistros marítimos de todo tipo, para localizar agora no corazón da ría máis produtiva de toda Europa unha instalación altamente perigosa que representa unha ameaza para milleiros de postos de traballo. Neste contexto, é evidente que a ubicación destes depósitos no seu emprazamento actual na ría de Arousa representa un risco inasumíbel.

Non por casualidade a ría de Arousa é o complexo natural e produtivo máis rico de toda a nosa nación. Ten unha superficie de 250 km² e 75 km de costa, posuíndo nove estuarios e zonas húmidas importantes, trece illas de certa dimensión e máis de cen praias, así como diversos ecosistemas submariños: bancos areosos, pradeiras de ceba, fondos rochosos, de falso coral e boscos de algas. Todo isto e a súa climatoloxía, así como a súa singularidade bentónica e oceanográfica, posibilitan unha abundantísima riqueza paisaxística, florística e faunística, estando recoñecidos tres espazos naturais protexidos que comprenden o 20% da superficie total da ría:

- a) Dunas de Corrubedo e lagoas de Vixán e Carregal
- b) Enseada do Umia-Ogrobe e zonas de Carreirón e illas Areoso, Pedregoso e A Rúa.
- c) Desembocadura do río Ulla.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Esta privilexiada base natural permitiu o desenvolvemento dunha actividade económica moi importante nos complexos mar-industria e turístico, que se traduce en 26.000 postos de traballos directos que supoñen máis da metade de todo o emprego da beiramar da ría. A defensa desta riqueza debe ser prioridade para o Goberno galego, con independencia dun marco competencial que lle atribúe ao Estado unha parte moi importante da capacidade de decisión en torno ao porto de Vilagarcía de Arousa (de interese xeral do Estado) e á propia navegación marítima no interior da ría.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:


1-Dirixirse ao Goberno español a fin de adoptar:

- a) As medidas precisas para retirar e trasladar fóra da ría de Arousa os depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos actualmente ubicados no peirao do Ferrazo, no porto de Vilagarcía de Arousa.
- b) A eliminación do transporte marítimo de hidrocarburos na ría de Arousa.

2.- Pór en marcha as accións necesarias conducentes, no ámbito das súas competencias, ao traslado deste depósitos.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2009 11:19
Nº Rexistro: 00398
Data envío: 24/04/2009 11:19:12.726

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/04/2009 11:18:18